I CIRCUITO DE ATLETISMO EN PISTA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2026

Art.1) A Federación Galega de Atletismo, co patrocinio da Deputación Provincial de Pontevedra organiza a terceira xornada do Circuíto de Atletismo en Pista o día 4 de decembro de 2026 nas pistas do IFEVI (Vigo).

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, a partir da categoría Sub 10 (tamén os Sub 8 nados no ano 2019). Os atletas do último ano de cada categoría poderán participar nas probas autorizadas para a categoría inmediatamente superior, de acordo coa normativa vixente.

Se o número de solicitudes fora superior á capacidade organizativa, seleccionarase aos participantes utilizando os seguintes criterios:

1. Terán preferencia os/as atletas pertencentes aos clubs da provincia de Pontevedra.

2. Entre atletas da provincia de Pontevedra, terán maior preferencia os/as que non acrediten marca na proba, agás nas probas absolutas nas cales se dará preferencia as mellores marcas.

3. En caso de necesidade, realizarase un sorteo entre os atletas sen marca.

Art.3) A responsabilidade das inscricións e da comunicación das baixas, salvo que sexan atletas independentes, corresponderá ao seu club.

- As inscricións serás gratuítas e realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina **https://atletismorfea.es/user/login-registro** ata as 20:00 horas do luns anterior á competición.

- O prazo de comunicación de baixas finalizará ás 23:59 horas do mércores anterior á competición, remitíndose estas a **servizos@atletismo.gal**.

Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a **servizos@atletismo.gal** para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6 € por atleta.

- Calquera baixa con posterioridade ás 23:59 h do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5 € por proba.

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.4) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.5) O seguinte horario poderá ser modificado segundo necesidades:

HORARIO CONTROL 04/12/2026		
HORA	**PROBA**	**CAT/MODALIDADE**
17:00	**60 MV**	**Homes Abs -S16**
17:00	**Altura**	**Homes Abs -Sub 16**
17:00	**Peso**	**Sub 16 M**
17:00	**Peso**	**Sub 14 H-M**
17:00	**Pértega**	**H-M A**
17:00	**Lonxitude**	**Homes Abs -Sub 16**
17:30	**60 MV**	**Mulleres Abs -Sub 16**
18:00	**50**	**Sub 10 Homes**
18:20	**50**	**Sub 10 Mulleres**
18:20	**Lonxitude**	**Mulleres Abs -Sub 16**
18:20	**Peso**	**Sub 12 H-M**
18:40	**60**	**Sub 14 Homes**
19:00	**Pértega**	**H-M B**
19:00	**Altura**	**Mulleres Abs -Sub 16**
19:00	**60**	**Sub 14 Mulleres**
19:20	**60**	**Sub 12 Homes**
19:40	**Lonxitude**	**Sub 14 H-M**
19:40	**60**	**Sub 12 Mulleres**
19:40	**Peso**	**Sub 10 H-M**
20:00	**60**	**Abs Homes**
20:20	**60**	**Abs Mulleres**

As cadencias de altura comenzarán en 1,25 en mulleres e 1,45 en homes

As cadencias de Pértega serán as seguintes de 1,80 ata 3,30 de 15 en 15 e despois de 10 en 10.

Os atletas terán 4 intentos no salto de lonxitude e no peso (poderán reducirse no caso de moita participación).

Art.6) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da **FGA**, **RFEA** e **World Athletics**.